

## I. DISPOSICIONES XERAIS

### MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTE

**10198** *Real decreto 789/2015, do 4 de setembro, polo que se regulan a estrutura e o funcionamento do Centro para a Innovación e o Desenvolvemento da Educación a Distancia.*

O Real decreto 1180/1992, do 2 de outubro, polo que se crea o Centro para a Innovación e o Desenvolvemento da Educación a Distancia (Cidead), establece que o Cidead dependerá da Secretaría do Estado de Educación a través da Dirección Xeral de Formación Profesional Regrada e Promoción Educativa, dentro da Subdirección Xeral de Educación Permanente, e fixa uns obxectivos para o dito centro no ámbito territorial de xestión que correspondía ao extinto Ministerio de Educación e Ciencia.

A disposición adicional cuadraxésimo segunda da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, introducida pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, establece que o Cidead impartirá ensino a distancia en todo o territorio nacional e que o Goberno establecerá, sen prexuízo dos principios recollidos nesta lei orgánica, unha regulación específica do Cidead. Este feito supón unha novidade respecto ao Real decreto 1180/1992, do 2 de outubro, que no seu artigo primeiro fixaba o desenvolvemento dos seus obxectivos exclusivamente no ámbito territorial de xestión do Ministerio de Educación e Ciencia.

Os avances tecnolóxicos están producindo cambios radicais no ámbito da educación e da edición. A aprendizaxe dixital e as actuais tendencias na creación de recursos educativos abertos ofrecen novas oportunidades de mellorar a calidade, a universalización e a equidade da formación. As tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) abren posibilidades sen precedentes para desenvolver os procedementos educativos máis aló dos formatos e fronteiras tradicionais.

Tal como se recolle na exposición de motivos da Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, as TIC constitúen un ámbito en que hai que realizar un especial fincapé acorde coa transformación do sistema educativo. O uso educativo das TIC foi un elemento fundamental no labor desempeñado polo Cidead ao longo dos seus máis de vinte anos de existencia e contribuíu a pór de relevo que a educación a distancia é un instrumento de grande eficacia para dar resposta ás máis diversas necesidades formativas de ensinanzas formais e non formais que teñen os colectivos cidadáns, xa que facilita o seu acceso á educación a través de vías de formación flexibles, mediante o uso de sistemas dixitais de aprendizaxe e de recursos educativos abertos. Todo isto conforme os principios de deseño e accesibilidade universal marcados polos incesantes cambios tecnolóxicos e as posibilidades técnicas e formativas.

Neste contexto, a través da educación a distancia, o Cidead proporciona atención educativa de educación básica e secundaria para adultos aos cidadáns españois no exterior e a aquelas persoas que, aínda residindo no territorio nacional, se ven imposibilitadas para recibir ensino a través do réxime ordinario.

As características específicas desta modalidade de ensino permitiron a reincorporación ao sistema educativo de persoas adultas que por diversas circunstancias necesitan un ritmo diferente de estudo, prolongando a súa permanencia no ámbito educativo e axudándoas a obter, entre outros, o título de graduado en educación secundaria obrigatoria e de bacharel. Desta forma, contribúese ao desenvolvemento persoal e á integración social que propugna a Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro.

No ámbito do ensino de idiomas a distancia, o Cidead favorece os estudos e realiza propostas técnicas necesarias para a elaboración de medidas de ordenación académica e a adecuación dos currículos que posibiliten a impartición das ditas ensinanzas na modalidade de distancia. O programa *That's English!*, que conta con 20 anos de existencia,

constitúe un referente do modelo de ensino de idiomas a distancia. Con base nesta experiencia, prevese implementar programas similares que amplíen a oferta educativa a outros idiomas con gran demanda social, seguindo as recomendacións da Unión Europea, que considera o fomento do plurilingüismo como un obxectivo irrenunciabile para a construción dun proxecto europeo.

O Cidead asume outras iniciativas de aprendizaxe non regrada mediante programas abertos de formación a través da internet. Entre estas iniciativas impulsará a Aula Mentor, sistema de formación para persoas adultas do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte que se desenvolve en colaboración con comunidades autónomas e entidades locais, que está deseñado para a mellora das funcións persoais e profesionais da poboación adulta e en consonancia coas súas expectativas vitais.

A produción e distribución, en soporte dixital e en liña, de materiais didácticos específicos para as ensinanzas a distancia e das persoas adultas, foi unha constante no Cidead que permite dar servizo ao propio alumnado a distancia e ao doutros centros educativos, tanto nacionais como estranxeiros. Estes recursos pedagóxicos, realizados a partir da filosofía da autoaprendizaxe, son autosuficientes e adaptados ao desenvolvemento curricular das distintas ensinanzas.

A traxectoria descrita do Cidead, a súa contribución á universalización da educación con criterios de equidade e calidade e o cumprimento do establecido na disposición adicional cuadraxésimo segunda da Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, exixen unha nova regulación do Centro para a Innovación e o Desenvolvemento da Educación a Distancia.

A Comisión para a Reforma das Administracións Públicas -Cora-, constituída en outubro de 2012 polo Goberno, presentou no Consello de Ministros do 21 de xuño de 2013 o seu informe, o cal inclúe unha serie de medidas concretas de reformas para eliminar cargas, duplicidades, racionalizar a estrutura da Administración e lograr un sector público máis eficiente ao servizo dos cidadáns.

Entre as ditas medidas figura a de racionalizar as accións de educación a distancia no Centro para a Innovación e o Desenvolvemento da Educación a Distancia (Cidead). No contexto desta medida, e en previsión do establecido na Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, sobre a impartición de ensino a distancia en todo o territorio nacional, faise necesaria a aprobación deste real decreto.

Este real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.30.<sup>a</sup> da Constitución española, que atribúe ao Estado as competencias para a regulación das condicións de obtención, expedición e homologación dos títulos académicos e profesionais e normas básicas para o desenvolvemento do artigo 27 da Constitución española, co fin de garantir o cumprimento das obrigacións dos poderes públicos nesta materia.

En consecuencia, por proposta do ministro de Educación, Cultura e Deporte, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 4 de setembro de 2015,

#### DISPOÑO:

##### Artigo 1. *Obxecto e ámbito do real decreto.*

1. O obxecto deste real decreto é regular a estrutura e funcionamento do Centro para a Innovación e o Desenvolvemento do Ensino a Distancia (en diante, o Cidead).

O Cidead, que non ten personalidade xurídica propia, está adscrito ao Ministerio de Educación, Cultura e Deporte a través da Subdirección Xeral de Aprendizaxe ao Longo da Vida da Dirección Xeral de Formación Profesional.

2. Corresponde ao Cidead a atención educativa a distancia en todo o territorio nacional e a atención educativa a distancia a cidadáns españois que residan no exterior, a excepción da actividade desenvolvida, dentro do ámbito do deporte de alto nivel e a regulación do deporte federado estatal, polos centros de titularidade estatal que impartan as ensinanzas deportivas de grao superior a distancia en todo o territorio nacional,

segundo a disposición adicional cuadraxésimo terceira da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

#### Artigo 2. *Funcións do Cidead.*

1. O Cidead desenvolverá as seguintes funcións:

- a) O ensino educativo a distancia das ensinanzas que ofrece o Sistema educativo español recollidas no artigo 3.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, a excepción do ensino universitario, das ensinanzas deportivas e da educación infantil.
- b) O ensino de idiomas a distancia, fomentando o plurilingüismo.
- c) A detección e a análise das necesidades de educación e formación dos diversos colectivos e o desenvolvemento dunha oferta de ensinanzas a distancia acorde con estas necesidades.
- d) O desenvolvemento das propostas técnicas necesarias para a adecuación dos currículos e a elaboración das medidas de ordenación académica que fagan posible a impartición das ensinanzas a distancia.
- e) O deseño, a elaboración e a xestión da edición, produción e distribución de medios didácticos que posibiliten a impartición das ensinanzas a distancia.
- f) A exploración de novas formas de aproveitar o potencial das tecnoloxías da información e da comunicación para estender a oferta de ensinanzas a distancia a novos formatos e mellorar a calidade, accesibilidade e equidade da educación e formación.
- g) A innovación en modelos e metodoloxías de educación en liña e o desenvolvemento de tecnoloxías apropiadas para conseguir a súa posta en práctica en contornos virtuais.
- h) A formación inicial e continua do profesorado de educación a distancia, nos fundamentos e técnicas desta modalidade.
- i) A colaboración cos centros e institucións de educación a distancia das comunidades autónomas.
- j) Cantas outras funcións no ámbito da educación a distancia lle sexan asignadas polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.

2. O Ministerio de Educación, Cultura e Deporte establecerá en cada curso escolar, por proposta do Cidead, o plan de traballo que desenvolva o centro.

#### Artigo 3. *Dirección do Cidead.*

Á fronte do Cidead haberá un director que será nomeado pola persoa titular da Secretaría de Estado de Educación, Formación Profesional e Universidades entre o persoal funcionario dos corpos docentes destinado na dita Secretaría de Estado a través de calquera forma de provisión de postos de traballo, que cumpra os requisitos e condicións establecidos pola normativa vixente para exercer a dirección dos centros docentes públicos.

#### Artigo 4. *Funcións da dirección do Cidead.*

Corresponderán ao director do Cidead as seguintes funcións:

- a) Desempeñar oficialmente a representación do Cidead.
- b) Exercer a dirección e coordinación dos servizos do Cidead.
- c) Dirixir o Centro Integrado de Ensinanzas Regradas a Distancia, para o que poderá desempeñar todas as funcións que a normativa aplicable atribúe aos directores de centros docentes.
- d) Coñecer directamente e canalizar cantas disposicións emanadas polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte deba cumprir e observar o Cidead.
- e) Elevar cantos informes, estudos e propostas, relativos á educación a distancia, lle sexan solicitados polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte no ámbito das súas competencias.

f) Informar periodicamente a persoa titular da Dirección Xeral de Formación Profesional, a través da Subdirección Xeral de Aprendizaxe ao Longo da Vida, do desenvolvemento de actividades do Cidead.

g) Impulsar o desenvolvemento e execución de cantas medidas sexan necesarias para alcanzar os obxectivos asignados ao Cidead.

#### Artigo 5. *Centro Integrado de Ensinanzas Regradas a Distancia.*

1. O Cidead contará cun Centro Integrado de Ensinanzas Regradas a Distancia, sen personalidade xurídica propia, integrado no Cidead, para a impartición na modalidade de distancia das ensinanzas que ofrece o Sistema educativo español recollidas no artigo 3.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, a excepción do ensino universitario, das ensinanzas deportivas e da educación infantil. Por tanto, o Cidead poderá impartir as seguintes ensinanzas do Sistema educativo español:

- a) Educación primaria.
- b) Educación secundaria obrigatoria.
- c) Bacharelato.
- d) Formación profesional.
- e) Ensinanzas de idiomas.
- f) Ensinanzas artísticas.
- g) Educación de persoas adultas.

2. O Centro Integrado de Ensinanzas Regradas a Distancia é un centro docente público, cuxa estrutura e funcionamento se adaptarán ao regulado para os centros docentes públicos na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, coas peculiaridades indicadas neste artigo, e cuxa estrutura e recursos humanos e materiais comparte coa do Cidead.

3. O Centro Integrado de Ensinanzas Regradas a Distancia contará, como órgano colexiado do centro docente, cun claustro do profesorado, composto polo persoal destinado na Secretaría de Estado de Educación, Formación Profesional e Universidades que realice as funcións de profesorado do Centro Integrado de Ensinanzas Regradas a Distancia.

4. O Centro Integrado de Ensinanzas Regradas a Distancia contará cos seguintes órganos unipersoais:

- a) O director do Centro Integrado de Ensinanzas Regradas a Distancia, que será o director do Cidead.
- b) Un xefe de estudos, que será nomeado pola persoa titular da Secretaría de Estado de Educación, Formación Profesional e Universidades, entre o persoal destinado na dita Secretaría de Estado.
- c) Un secretario, que será nomeado pola persoa titular da Secretaría de Estado de Educación, Formación Profesional e Universidades, entre o persoal destinado na dita Secretaría de Estado.

Os órganos unipersoais referidos poderán desempeñar todas as funcións que a normativa aplicable atribúe aos ditos órganos en centros docentes públicos.

#### Artigo 6. *Outras ensinanzas.*

Ademais das ensinanzas impartidas polo Centro Integrado de Ensinanzas Regradas a Distancia, o Cidead poderá impartir a seguinte formación:

- a) Programas de idiomas a distancia.
- b) Programa Aula Mentor.
- c) Apoio aos programas e centros da acción educativa española no exterior.
- d) Calquera outra oferta formativa de educación a distancia cuxa impartición lle encomende o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.

Artigo 7. *O ensino de idiomas a distancia.*

1. Corresponde ao Cidead propor e desenvolver as medidas de ordenación académica e de adecuación dos currículos de ensino de idiomas a distancia, seguindo as directrices establecidas no Marco común europeo de referencia para as linguas. Estes currículos débense adaptar ás condicións e necesidades da poboación adulta e capacitar o alumnado para o uso adecuado dos diferentes idiomas.

2. O Cidead organizará e coordinará os equipos responsables da elaboración, seguimento e avaliación dos medios e materiais didácticos que se deben utilizar para a atención educativa do alumnado. Así mesmo, poderá asesorar os centros públicos autorizados a impartir ensinanzas de idiomas na modalidade de educación a distancia.

Artigo 8. *Programa Aula Mentor.*

Aula Mentor é un programa do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte para a formación aberta, flexible e a distancia través da internet, dirixido a persoas adultas, cuxa oferta formativa se materializa nun conxunto de cursos organizados en áreas formativas e deseñados con obxecto de mellorar as competencias persoais e profesionais dos potenciais destinatarios nesta modalidade de ensino.

O Ministerio de Educación, Cultura e Deporte poderá subscribir convenios de colaboración e outros instrumentos xurídicos con comunidades autónomas, entidades locais e outras organizacións e entidades tanto nacionais como internacionais, para a realización de actuacións conxuntas no marco do programa Aula Mentor.

Artigo 9. *Tecnoloxías da información e da comunicación.*

A impartición das ensinanzas do Cidead levarase a cabo a través dun contorno virtual de aprendizaxe, constituído por unha ou máis plataformas educativas que permitan a comunicación configurable entre os integrantes do contorno, o traballo colaborativo, o envío e avaliación de actividades, a autocorrección de actividades interactivas, o seguimento da actividade dos usuarios e a utilización de mecanismos de avaliación eficaces.

Artigo 10. *Medios didácticos.*

O Cidead deseñará, elaborará e xestionará a edición, produción e distribución dos medios didácticos necesarios para as actuacións en educación a distancia que desenvolva, en especial os que se orienten á atención educativa das persoas adultas; favorecerá a elaboración de modelos abertos de programación docente e de materiais didácticos que atendan ás distintas necesidades dos alumnos e alumnas e do profesorado.

Artigo 11. *Accesibilidade universal.*

O Cidead garantirá as condicións de accesibilidade universal nas plataformas educativas que constitúan o contorno virtual de aprendizaxe, así como dos procesos, procedementos, ferramentas e medios didácticos necesarios, co obxecto de que os estudantes con discapacidade contén coas mesmas condicións e oportunidades.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogado o Real decreto 1180/1992, do 2 de outubro, polo que se crea o Centro para a Innovación e o Desenvolvemento da Educación a Distancia.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.30.<sup>a</sup> da Constitución española, que atribúe ao Estado as competencias para a regulación das condicións de obtención, expedición e homologación dos títulos académicos e profesionais e normas básicas para

o desenvolvemento do artigo 27 da Constitución española, co fin de garantir o cumprimento das obrigacións dos poderes públicos nesta materia.

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento.*

1. Facúltase a persoa titular do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte para ditar cantas disposicións requira a aplicación do disposto neste real decreto.

2. Por orde da persoa titular do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte establecerase o réxime de funcionamento do programa Aula Mentor, que incluírá, entre outros aspectos, o procedemento para a determinación dos cursos, a selección e réxime do profesorado e o sistema de acceso e admisión aos cursos.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 4 de setembro de 2015.

FELIPE R.

O ministro de Educación, Cultura e Deporte,  
ÍÑIGO MÉNDEZ DE VIGO Y MONTOJO